



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 18 DE XUÑO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as dez horas do día dezaoito de xuño do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 11 de xuño de 2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 15/06/2020 **“Decreto: Levantamiento de la suspensión de la ejecución del contrato y continuación del suministro, instalación, puesta en servicio y explotación de un “Sistema de cartelería digital” dentro de la EDUSI+RA2020”.**





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE BARBACOA PORTÁTIL – “EL QUILLO” CAFETERÍA.

Visto o escrito presentado por Francisco Nogales Macías en representación de “El Quillo” Cafetería, de data 12/06/2020 (Rexistro de entrada nº 6.052), no que solicita autorización para a instalación dunha barbacoa portátil os días 20 e 23/06/2020, situada na vía pública enfronte do establecemento de hostalería.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a Francisco Nogales Macías en representación de “El Quillo” Cafetería para a instalación dunha barbacoa portátil os días 20 e 23/06/2020, situada na vía pública enfronte do establecemento de hostalería.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta dos citados postos de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ACORDO EN RELACIÓN A NOVA SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE 15 M² DE SUPERFICIE DE ESPAZO MUNICIPAL E DE AMPLIACIÓN DE 15 M² DE SUPERFICIE (30 M² EN TOTAL) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NAÚTICAS NA PRAIA DE COROSO - GECKOS S.C.

FINALIDADE DA SOLICITUDE: Ocupación temporal por 6 meses (1 de maio de 2020 ata o 31 de outubro de 2020).

SITUACIÓN: Aparcadoiro xunto ao I.E.S Nº 1, Praia de Coroso Ribeira.

SOLICITANTE: Sociedade GECKOS S.C. (administrador Helmut Bande Willisch).

DOCUMENTACIÓN: Certificado de estar al corrente de obrigacións tributarias con la Seguridad Social para contratar con el sector público / Certificado da Federación Galega de Surf asinado pola secretaria Sra. Helena Lopo Díez.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Por Helmut Bande Willisch como administrador da sociedade GECKOS S.C. en escrito rexistrado de entrada na data 27 de abril de 2020, (Rexistro de entrada nº 4.237), solicita novamente a ocupación temporal da superficie de 15 m² no aparcadoiro sito a carón do I.E.S.Nº 1 de Ribeira, así como unha ampliación de ocupación da superficie de 15 m² (resultando 30 m² en total) no aparcadoiro sito a carón do I.E.S.Nº 1 de Ribeira.

SEGUNDO.- En relación a dita solicitude consta no expediente informe favorable emitido pola Policía Local do Concello de Ribeira emitido o día 8 de xuño de 2020.

CONSIDERACIÓNS



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200510240
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2020	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/06/2020	Fecha: 22/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2020 19:59:51		Hora: 19:58





En virtude dos principios de non alleamento non prescrición dos bens de dominio público, a mera concorrencia dos requisitos necesarios para que a ocupación poida ser autorizada non outorga dereito ningún á súa concesión.

O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.

O titular da autorización deberá dispor dun seguro de responsabilidade civil e incendios do establecemento principal que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse do funcionamento da instalación.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 8/06/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Aprobar unha autorización de ocupación temporal por 6 meses á Sociedade GECKOS S.C. cunha instalación desmontable de 15 m² de superficie así como da ampliación de 15 m², (resultando 30 m² superficie en total), no aparcadoiro sito a carón do I.E.S.Nº 1 de Ribeira nos termos da solicitude, dende o 1 de maio de 2020 ata o 31 de outubro de 2020, con posibilidade de revocación por parte do Concello sin dereito a indemnización no momento en que se impida o cumprimento do planeamento e motivado por razón de interese público.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE - JOSÉ ANTONIO SUÁREZ POZAS.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Academia de formación (epígrafe IAE 9339 / 1 (outros actividades ensinanza).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano.

SITUACIÓN: Rúa Amarella, nº 9 local 1, Ribeira.

TRANSMITENTE: Bioambiental Control Sanitario de Alimentos S.L.

ADQUIRENTE: José Antonio Suárez Pozas, (D.N.I. 53.486.623-P).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a solicitude e documentación presentada polo Sr. José Antonio Suárez Pozas, (D.N.I. 53.486.623-P), en relación ao cambio de titularidade da licenza de actividade de academia de formación (epígrafe IAE 9339 / 1 (outros actividades ensinanza), sendo o transmitente Bioambiental Control Sanitario de Alimentos S.L. e o adquirente José Antonio Suárez Pozas, en instalacións sitas na Rúa Amarella, nº 9, local 1, Ribeira.

SEGUNDO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 4 de abril de 2019 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade, da Lei 2/2016, de



FIRMANTE - FECHA





10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación do Planeamento Municipal e demais normativa urbanística de aplicación.

TERCEIRO.- Vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 3 de abril de 2019 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga tras xirar a pertinente visita de comprobación e analizar o cumprimento da normativa ambiental de aplicación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.

SEGUNDO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da esixencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

CUARTO.- Se se produce a transmisión da (*licencia/comunicación previa*) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

QUINTO.- O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de a (*licencia/comunicación previa*) urbanística é o seguinte:

A. Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o





interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

B. Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (licencia/comunicación *previa*) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (*O informe dos Técnicos Municipais versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado*).

C. Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

D. Procederase a notificar a Resolución aos interesados.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 4 de abril de 2019 emitida polo arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación, vista a acta de comprobación con sinatura dixital favorable o día 3 de abril de 2019 emitida polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/06/2020, e da documentación obrante no expediente, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do cambio de titularidade sendo o transmitente Bioambiental Control Sanitario de Alimentos S.L. e o adquirente José Antonio Suárez Pozas da actividade de academia de formación (epígrafe IAE 9339 / 1 (outros actividades ensinanza) en instalacións sitas na Rúa Amarella, nº 9, local 1, Ribeira,

SEGUNDO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente a presente resolución.

TERCEIRO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

CUARTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Rosa María Beiro Caamaño e Manuel Alejandro Argibay Rego**, de data 21/05/2020 (Rexistro de entrada nº 5.119, 5.126, 5.136), no que solicita licenza de obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar existente, en parcela Parcela P-1 resultante da licenza de segregación nº 2/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de maio de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital de data 8 de xuño de 2020 e visto o informe técnico favorable emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira na data 10 de xuño de 2020, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/06/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. Rosa María Beiro Caamaño e ao Sr. Manuel Alejandro Argibay Rego **LICENZA DE OBRAS (Nº 19/20)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE** sita na Rúa Montevixán nº 86, Carreira, Ribeira, en parcela P-1 resultante da licenza de segregación nº 2/19, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 30 de maio de 2019, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 21 de maio de 2019 redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos





da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200510240
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2020	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 22/06/2020	Fecha: 22/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2020 19:59:51		Hora: 19:58





QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **RESIDENCIA CENTRO DE DÍA ARTES, S.L.**, de datas 22/06/2019, 19/11/2019, 2 e 31/01/2020, 12/06/2020, 4 e 5/06/2020 (Rexistros de entrada nº 10.503, 16.190, 45, 1.420, 6.023, 5.490, 5.588), nos que solicita licenza de obras para para adecuación de centro existente como fogar residencial, p/residencial e residencia (miniresidencia), sita no lugar de outeiro s/n, Artes, Ribeira.





Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 12 de xuño de 2020, visto o informe técnico favorable emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga na data 12 de xuño de 2020, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/06/2020, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á RESIDENCIA CENTRO DE DÍA ARTES S.L., **LICENZA DE OBRAS (Nº 20/20)** para adecuación de centro existente como fogar residencial, p/residencial e residencia (miniresidencia), sita no lugar de outeiro s/n, Artes, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A001000790000KI, nos termos do Refundido de Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 12 de xuño de 2020 redactado por Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):

- *Deberase presentar xustificación técnica do cumprimento do R.I.T.E (I.T 1.1.4.2) no relativo á calidade do aire interior.*
- *Deberase presentar xustificación técnica sobre o cumprimento do establecido na normativa acústica aplicable Decreto 106/2015 de 9 de xullo sobre contaminación acústica de Galicia: clasificación da actividade e niveis de illamentos previstos de conformidade co establecido no Anexo do Decreto.*
- *Deberá tramitar a pertinente autorización de vertedora a entidade AUGAS DE GALICIA.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.*

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Logo de rematar a obra, presentarase **comunicación previa para o inicio de actividade** cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado, debendo presentar asimesmo:

- *Deberá presentar o correspondente informe favorable emitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social segundo o disposto en informe asinado dixitalmente o día 3 de xuño de 2020 pola xefa do servizo de inspección de maiores, discapacidade e dependencia Berta Besada Porto.*
- *A documentación técnica conterá **Certificado Final de Obra**, así como a xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na obra-*
- *Deberá achegarse informe acústico de medicións, ou de ser o caso, declaración/manifestación da persoa titular da actividade de que a actividade comunicada producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB en caso de que se desenvolva en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio solo de uso sanitario, docente e cultural contra a contaminación acústica que requira especial protección (artigo 11.3 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo).*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio da actividade autorización de vertedora de AUGAS DE GALICIA.*





- *Deberá achegarse xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados (certificado de entrega a xestor autorizado no que se identifique a obra, o promotor e as datas de retirada).*

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederá con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os*





seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA Nº 43/19.

LICENZA DE OBRA Nº 43/19, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 14 de novembro de 2019.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Reforma e ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-B Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 15074A007001910000KK.

SITUACIÓN: Lugar de Coroso, Riveira, Riveira.

PROMOTOR/A INICIAL TRANSMITENTE: Inicialmente Construcciones y Reformas Tubisan S.L. (CIF B.70.244.827).

PROMOTOR/A ADQUIRENTE: Sharon Dayanira Vasquez Mercedes (DNI 53.796.507-J) e Ángel Antonio Vidal Regueira (DNI 76.966.748-P).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Juan Antonio Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183).

PROXECTO: Proxecto Básico de xullo de 2019 / Proxecto Básico Modificado de setembro de 2019 / Escritura de compravenda autorizada pola notario Sra. Lucía Prol Domínguez o día 3 de xuño de 2019 / Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de novembro de 2019 / Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de novembro de 2019 / Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación na data 5 de decembro de 2019.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 110.000,00 €.

NOVA DOCUMENTACIÓN: Escritura de compravenda autorizada pola notario Sra. Covadonga Vázquez López o día 4 de marzo de 2020.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de novembro de 2019 por unanimidade acorda:

“
(...)

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade Construcciones y Reformas Tubisan S.L. **LICENZA DE OBRAS Nº 43/19** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, sita na Lugar de Coroso, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007001910000KK nos termos do Proxecto Básico de xullo de 2019, Proxecto Básico Modificado de setembro de 2019 redactado polo Sr. Juan Antonio Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá depositar **unha fianza nas arcas municipais de 3.195,00 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza**, segundo informe da enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.

(...)

“





SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de abril de 2020 por unanimidade acorda:

“
(...)

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 43/19 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de novembro de 2019 á entidade Construcciones y Reformas Tubisan S.L., consistente en Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de novembro de 2019 redactado polo Sr. Juan Antonio Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183), así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de novembro de 2019, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación na data 5 de decembro de 2019.

SEGUNDO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación do presente acordo e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do mesmo

(...)
“

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 5 de decembro de 2019 por unanimidade acorda:

“
(...)

PRIMEIRO.- Aprobar a nova valoración da fianza imposta como garantía das obras de construción de vivenda unifamiliar en Coroso, Palmeira, Ribeira, (Licenza de obras 43/19), coa seguinte contía: 290,40 €.

(...)
“

CUARTO.- Posteriormente pola entidade Construcciones y Reformas Tubisan S.L., en escrito rexistrado de entrada na data 14 de febreiro de 2020, (Rexistro de entrada nº 2.268), solicita o cambio de titularidade da licenza de obra nº 43/19 concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 14 de novembro de 2019, en favor da Sra. Sharon Dayanira Vasquez Mercedes (DNI 53.796.507-J) e sr. Ángel Antonio Vidal Regueira (DNI 76.966.748-P), achegando Escritura de compravenda autorizada pola notario Sra. Covadonga Vázquez López o día 4 de marzo de 2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela na que se proxecta vivenda clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-B RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**, comprendendo esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto coas direccións de





carretera e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

SEGUNDO.- De conformidade co artigo 288.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, serán transmisibles, previa comunicación á Entidade Local, as licenzas outorgadas sen consideración ás calidades do suxeito beneficiario. Noutro caso, estarase ao disposto na súa normativa específica e, na súa falta, ao que se prevexa no acto de outorgamento.

TERCEIRO.- O Concello non concede o cambio de titularidade, senón que se limita a darse por decatado da comunicación feita polo cedente e o cesionario do título urbanístico, único requisito esixido polo artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Neste sentido, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª) de 7 febreiro 2000 declara no seu Fundamento Xurídico 2º:

«Pola contra debe entenderse que agarraches a razón ao recorrente na súa invocación dos artigos 13.1 e 15.1 do Regulamento de Servizos, pois a declaración da Sentenza segundo a cal prevalece sobre devanditos preceptos o mandato do Plan Xeral de Ordenación Urbana non pode entenderse conforme a Dereito. En efecto, a interpretación que debe darse ao tenor literal da redacción dos citados preceptos é que se ten dereito a obter a transmisión da licenza por simple cambio de titularidade, o que desde logo é cousa distinta da esixencia de que se solicite una licenza ou autorización completamente nova».

Do mesmo xeito, a Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de setembro de 1986 afirma:

«As licenzas de urbanismo, por non concedidas en atención ás circunstancias persoais de quen a solicita, son totalmente transmisibles, sen máis requisitos que o de comunicar ao Concello a transmisión, sen necesidade de solicitar a autorización do mesmo, aínda que o non facelo non produce outra consecuencia que a de que subsisten no transmitente de modo conxunto co debido novo titular as responsabilidades que lle foren exixibles segundo o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais».

Por tanto a licenza ou autorización é obxectiva con independencia da súa titularidade.

En definitiva, o cambio de titularidade dunha licenza ou autorización urbanística non require ningún requisito específico, senón soamente, a tenor do artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que o antigo e novo construtor, empresario ou titular da licenza deben comunicalo por escrito á Corporación, onde conste de forma indubitada a intención de transmitir a licenza e a autorización do antigo titular ao cambio de titularidade.

CUARTO.- Se se produce a transmisión da (*licencia/comunicación previa*) urbanística sen efectuar a oportuna comunicación, o anterior e o novo titular serán responsables solidarios dos danos que poidan derivarse da súa actuación, a tenor do disposto no artigo 13.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

QUINTO.- O procedemento para levar a cabo o cambio de titularidade de a (*licencia/comunicación previa*) urbanística é o seguinte:

A. Cando se transmita una licenza ou autorización urbanística, será preciso que o interesado dirixa por escrito comunicación da mesma ao Concello.

B. Os Servizos Técnicos Municipais comprobarán que se manteñen os requisitos esixidos para a concesión do título urbanístico, e comprobarán se a (*licencia/comunicación previa*) obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais do solicitante ou se o número das otorgables era limitado. (*O informe dos Técnicos Municipais versará sobre se houbo cambios en canto ás características do uso, aproveitamento, transformación, segregación e edificación do solo, subsolo e voo, e indicarán se a licenza ou autorización obxecto da transmisión foi concedida ou non atendendo ás calidades persoais*





do solicitante ou se o número das otorgables era limitado).

C. Resolverase o expediente coa toma de coñecemento polo Concello do cambio de titularidade da licenza urbanística e a correspondente rectificación dos rexistros municipais.

D. Procederáse a notificar a Resolución aos interesados.

SEXTO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/06/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao cambio de titularidade da licenza de obra nº 43/19 para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira, sita no lugar de Coroso, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007001910000KK, sendo o transmitente Construcciones y Reformas Tubisan S.L. e o adquirente A Sra. Sharon Dayanira Vasquez e Sr. Mercedes e Ángel Antonio Vidal Regueira.

SEGUNDO.- Proceder a devolución do aval por importe de 290,40 € a entidade Construcciones y Reformas Tubisan S.L., previo depósito asimesmo do correspondente aval de 290,40 € pola Sra. Sharon Dayanira Vasquez e ao Sr. Mercedes e Ángel Antonio Vidal Regueira.

TERCEIRO.- Proceder a rectificación dos rexistros municipais de acordo coa transmisión efectuada, no seu caso, notificándose tanto a transmitente como ao adquirente a presente resolución.

VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Purificación López Vidal**, de data 03/06/2020 (Rexistro de entrada nº 5.444), no que solicita certificación de terreos en dominio e uso público, situados en Bretal (Olveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 12/06/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A0440055110001LZ

Persoados os Servizos Técnicos Municipais no lugar, compróbase que o terreo sobrante da dita parcela está pavimentado en pedra, estando incorporado ao dominio e uso público municipal.





2.- Visto o escrito presentado por **Carmen Mariño Santos**, de data 29/05/2020 (Rexistro de entrada nº 5.286), no que solicita certificación de que un camiño situado ao Sur de parcela sita en Frións (Carreira) é de dominio e uso público.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 12/06/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A009001880000KW

Persoados os Servizos Técnicos Municipais no lugar, compróbase que o camiño está aglomerado e urbanizado, e consta co número 273 no Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno de data 26/02/2018, sendo dominio e uso público municipal.

3.- Visto o escrito presentado por **Rosa Ana Tubío Piñeiro**, de data 22/10/2019 (Rexistro de entrada nº 14.860), no que solicita certificación de que un camiño situado en Carballa (Palmeira) non é de dominio e uso público.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/06/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A037002530000KA - 15074A037002390000KI

Solicítase certificación de que o camiño situado ao Norte da primeira parcela e ao Sur da segunda parcela, arriba mencionados, non é de dominio público.

Consultado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente en Pleno de data 26/02/2018, non consta inventariado. Á vista do cupo particional de Don Ricardo mariño Hermo, na que se describen ambas fincas, dito camiño é de servizo, non sendo dominio e uso público municipal.

4.- Visto o escrito presentado por **Manuel Sampedro Calviño**, de data 22/06/2020 (Rexistro de entrada nº 5.997), no que solicita información urbanística de parcela sita en Cerca (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto polo Aparellador Municipal, Jesús García Ramos, de data 16/06/2020, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A026001870000KB

NORMATIVA APLICABLE





LEI 2/2016, do 10 de febreiro, del suelo de Galicia

Según la Disposición Transitoria Primera de la LEI 2/2016, do 10 de febreiro, del suelo de Galicia, el PXOM de Riveira, aprobado definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley y no adaptado a la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, conservará su vigencia hasta su revisión o adaptación a ella según las siguientes reglas: **Al suelo rústico se aplicará lo dispuesto en ella para el suelo rústico.**

Decreto 143/2016 de 22 de Septiembre que desarrolla el reglamento de aplicación de la Ley del Suelo de Galicia.

Artículo 50. Usos y actividades en suelo rústico.

1. Los usos y las actividades admisibles en suelo rústico serán los siguientes:

a) Acciones sobre el suelo o subsuelo que impliquen movimientos de tierra, tales como dragados, defensa de ríos y rectificación de cauces, abancalamientos, desmontes y rellenos [artículo 35.1.a) de la LSG].

Los movimientos de tierras que se realicen dentro de una parcela, deberán cumplir los siguientes requisitos:

1.º En ningún caso podrán alterar considerablemente la topografía natural del terreno, excepto los supuestos expresamente autorizados por la normativa sectorial.

2.º No podrán alterar en más de tres metros la rasante natural del terreno, excepto aquellas actuaciones en terrenos con características especiales vinculados a la actividad que se desarrollen en ellos, como son los bancales en viñedo en zonas de pendiente muy elevada.

3.º Resolverán, dentro del propio terreno, la circulación de las aguas superficiales procedentes de la lluvia.

b) Muros de contención, así como vallado de fincas [artículo 35.1.b) de la LSG].

La altura máxima de los muros de contención desde la cota de referencia será de tres metros, excepto los supuestos expresamente autorizados por la normativa sectorial.

Los cierres y vallados de fincas pueden ser de diversos tipos, en las condiciones indicadas en el artículo 60.

c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada de un día y actividades comerciales ambulantes [artículo 35.1.c) de la LSG].

Entre las actividades de ocio se incluye el disfrute con fines de esparcimiento, práctica de deportes organizados y de ocio, senderismo y otros, en base a actividades blandas, sin instalaciones asociadas, fijas o desmontables, con escasa o nula incidencia en el medio físico en el que se desarrollan.

Pueden implicar el simple tránsito peatonal, que requiere un mínimo acondicionamiento para su práctica, como son pequeñas obras integradas en el paisaje (pasos sobre canales, balizamiento de sendas, miradores, etc.).

d) Campamentos de turismo e instalaciones de playa y actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo y de baño, de carácter público o privado, de uso individual o colectivo, que se desarrollen al aire libre, con las obras e instalaciones imprescindibles para el uso de que se trate [artículo 35.1.d) de la LSG].

e) Actividades científicas, escolares y divulgativas [artículo 35.1.e) de la LSG].

f) Depósito de materiales, almacenamiento y parques de maquinaria y estacionamiento o exposición de vehículos al aire libre [artículo 35.1.f) de la LSG].

Los usos indicados en este apartado deberán guardar relación directa con la explotación racional de los recursos naturales del suelo rústico.

En otro caso deberán tener un carácter temporal, en función del uso o actividad de que se trate y previa justificación.

Excepcionalmente podrán autorizarse depósitos de materiales que no cumplan las condiciones anteriores, siempre que se mantenga el estado natural de los terrenos en, al menos, la mitad de la superficie de la parcela.

En todo caso, está prohibida la instalación de contenedores, caravanas o cualquier otro bien mueble que por su propia naturaleza denote un uso residencial.



FIRMANTE - FECHA





g) Construcciones e instalaciones agrícolas en general, tales como las destinadas al apoyo de las explotaciones hortícolas, almacenes agrícolas, talleres, garajes, parques de maquinaria agrícola, viveros e invernaderos [artículo 35.1.g) de la LSG].

Estas construcciones e instalaciones responderán a las características, dimensiones y configuración propias del medio rural gallego. En ningún caso podrán destinarse a uso residencial o de recreo, por lo que queda prohibido que cuenten con instalaciones propias de las viviendas.

h) Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en los que se alojen, mantengan o críen animales, e instalaciones apícolas [artículo 35.1.h) de la LSG].

Estas construcciones e instalaciones responderán a las características, dimensiones y configuración propias del medio rural gallego. En ningún caso podrán destinarse a uso residencial o de recreo, por lo que queda prohibido que cuenten con instalaciones propias de las viviendas.

i) Construcciones e instalaciones forestales destinadas a la gestión forestal y las de apoyo a la explotación forestal, así como las de defensa forestal, talleres, garajes y parques de maquinaria forestal [artículo 35.1.i) de la LSG].

Estas construcciones e instalaciones responderán a las características, dimensiones y configuración propias del medio rural gallego. En ningún caso podrán destinarse a uso residencial o de recreo, por lo que queda prohibido que cuenten con instalaciones propias de las viviendas.

j) Construcciones e instalaciones destinadas a establecimientos de acuicultura [artículo 35.1.j) de la LSG] y las auxiliares de los mismos.

k) Actividades e instalaciones comprendidas en el ámbito de la legislación minera, incluidos los establecimientos de beneficio, y pirotecnias [artículo 35.1.k) de la LSG].

l) Instalaciones vinculadas funcionalmente a las carreteras y previstas en la ordenación sectorial de estas, así como las estaciones de servicio [artículo 35.1.l) de la LSG].

m) Instalaciones e infraestructuras hidráulicas, de telecomunicaciones, producción y transporte de energía, gas, abastecimiento de agua, saneamiento y gestión y tratamiento de residuos, siempre que no impliquen la urbanización o transformación urbanística de los terrenos por los que discurren [artículo 35.1.m) de la LSG].

n) Construcciones destinadas a usos residenciales vinculados a la explotación agrícola o ganadera [artículo 35.1.n) de la LSG].

ñ) Construcciones de naturaleza artesanal o de reducida dimensión que alberguen actividades complementarias de primera transformación, almacenamiento y envasado de productos del sector primario, siempre que guarden relación directa con la naturaleza, extensión y destino de la finca o explotación del recurso natural [artículo 35.1.ñ) de la LSG].

o) Construcciones y rehabilitaciones destinadas al turismo que sean potenciadoras del medio donde se ubiquen [artículo 35.1.o) de la LSG].

p) Construcciones e instalaciones para equipamientos y dotaciones públicos o privados [artículo 35.1.p) de la LSG].

2. Los restantes usos en suelo rústico son usos prohibidos (artículo 35.2 de la LSG).

Artículo 51. Régimen de usos.

1. Los usos y actividades relacionados en el artículo anterior son admisibles en cualquier categoría de suelo rústico, sin perjuicio de lo dispuesto en los instrumentos de ordenación del territorio y, en su caso, previa obtención del título habilitante municipal de naturaleza urbanística (artículo 36.1 de la LSG).

2. En los terrenos clasificados como suelo rústico de especial protección podrán realizarse los usos, actividades y construcciones enumerados en el artículo anterior, siempre que sean permitidos por la correspondiente legislación sectorial, por resultar compatibles con el régimen de especial protección. En todo caso, en el suelo rústico de especial protección será necesario obtener la autorización o informe favorable del órgano que ostente la competencia sectorial correspondiente con carácter previo a la obtención del título habilitante municipal o autorización autonómica en los casos en que esta fuese preceptiva según lo dispuesto en el apartado siguiente (artículo 36.2 de la LSG).

A los efectos previstos en este artículo, la competencia para emitir la autorización o informe favorable vendrá determinada en función de la categoría de suelo rústico objeto de especial





protección de que se trate. El plazo para la emisión del referido informe será de dos meses, transcurrido el cual, se entenderá emitido con carácter favorable.

En el supuesto de que el órgano sectorial deba emitir informe o autorización en virtud de su propia normativa sectorial podrá pronunciarse también a efectos de lo previsto en este artículo.

No obstante, no será preceptiva la emisión de la autorización o informe favorable a que se refiere este apartado en el caso de obras menores definidas en el anexo I de este reglamento, excepto norma sectorial que lo exija expresamente.

3. Los usos contemplados en las letras n) y ñ) del artículo anterior habrán de ser objeto de la autorización de la persona titular del órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridad a la obtención del título habilitante municipal (artículo 36.3 de la LSG) según el procedimiento previsto en los artículos 56 y siguientes.

4. Los usos contemplados en las letras o) y p) del artículo anterior requerirán la aprobación de un plan especial de infraestructuras y dotaciones, salvo que la actuación pudiera encuadrarse en lo dispuesto en los artículos 40 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, y 63 de este reglamento para las edificaciones existentes de carácter tradicional. En caso de implantarse en suelo rústico especialmente protegido, será preciso obtener la autorización o informe favorable del órgano sectorial correspondiente (artículo 36.4 de la LSG).

5. Asimismo, podrán implantarse en suelo rústico aquellos usos previstos en los instrumentos de ordenación del territorio, previa obtención del título municipal habilitante y sin necesidad de autorización urbanística autonómica.

A los efectos de lo previsto en este apartado, se entenderá que la implantación de dichos usos se llevará a cabo a través de la aprobación del correspondiente instrumento de ordenación del territorio, de conformidad con lo previsto en la legislación vigente en materia de ordenación del territorio de Galicia.

CONDICIONES PARTICULARES

La parcela en estudio se encuentra situada en un suelo clasificado por el PXOM como **rústico de protección forestal** por lo que se aplican las condiciones establecidas en los Art. 50 y 51 del Decreto 143/2016 anteriormente desarrollados en este informe.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido pola **Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio – Consellería de Facenda**, de data 17/06/2020 (Rexistrado de entreada en data 17/06/2020 co nº 6.339), relativo á *“Orde da Consellería de Facenda relativa á cesión de uso a título gratuito realizada polo Concello de Ribeira a favor da administración autonómica dun inmovible para Punto de Encontro Familiar no Concello de Ribeira (A Coruña)”*.

2.- Visto o escrito remitido pola Entidade Portos de Galicia – Consellería do Mar, de data 16/06/2020 (Rexistrado de entrada en data 17/06/2020 co nº 6.365), no que remite o contrato da obra *“Reordenación do Paseo das Carolinas e do Parque García Bayón no Concello de Ribeira”* (Expte. 12/2020/C-LICIOB), e no que solicita se lle comunique a deignación dun director/a de obra na execución da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** designar como directora de obra denominada *“Reordenación do Paseo das Carolinas e do Parque García Bayón no Concello de Ribeira”* (Expte. 12/2020/C-LICIOB) á **Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira**.

3.- Visto o informe remitido pola **Policía Local**, de data 15/06/2020, relativo ao escrito presentado por Vía Barbanza, S.C., no que solicita a habilitación dunha zona de carga e descarga nun lugar o máis próximo ao seu establecemento (Establecemento dedicado a mensaxería e paquetería), situado na Avenida da Coruña (Ribeira), e con espazo para dúas furgonetas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar o acondicionamento dun espazo dedicado a zona de carga e descarga con sinalización horizontal e vertical, coa sinalización dun horario *“de 8:00 a 13:30 h. e 16:00 a 19:00 h., e sábados de 08:00 a 13:30 h., excepto festivos”*, según o sinalado no citado informe policial.

RESOLUCIÓN CON FIN DE INTERPOR RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN Á RESOLUCIÓN DICTADA O DÍA 4 DE MARZO DE 2020 POLA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA - SERVIZO DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, POLA QUE SE PON FIN AO PROCEDEMENTO E SE ARQUIVAN AS ACTUACIÓNS REALIZADAS PARA A DECLARACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL DA ACTIVIDADE DE SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLE POLO MIÚDO NUNHA ESTACIÓN DE SERVICIO EXISTENTE (EXPTE CO/2019/134/JAS).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de Protección Forestal.





REFª CATASTRAL: 15074A003010480000KY.

SITUACIÓN: Lugar de Xarás s/n, La Soledad, Parcela nº 1.048 do Polígono nº 3 de catastro, que se corresponde cunha superficie de 2.632,00 m², en Ribeira, resultante da subsanación catastral mediante a acta de subsanación de discrepancias prevista no artigo 18 da Lei do Catastro Inmobiliario que consta na certificación literal da finca rexistral nº 37.737 emitida polo Rexistro da Propiedade de Noia.

PROMOTOR/A: PUNTOS BAJO COSTE S.L. (CIF B.86591021).

AUTOR/A PROXECTO: Fernando García-Pintos Escuder e José Plácido Gosende Tuñas, (enxeñeiro industrial).

PROXECTO: "Proyecto único integrado de legalización de instalaciones destinadas al suministro al por menor de combustibles líquidos" visado polo Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia co nº 20193306.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Vista a resolución de día 4 de abril de 2014 pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da actividade de estación de servizo no lugar de Xarás, polígono nº 3, parcela 101, Expte CO/2014/007/(BMV) asinada polo xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas José Antonio Álvarez Vidal, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira arcodou por unanimidade dos presentes o día 24 de abril de 2014 conceder á entidade PUNTOS BAJO COSTE S.L. licenza de obra nº 84/14 para a implantación dunha unidade de subministro de carburante, con edificación en planta baixa de 30,80 m² de superficie distribuído en oficina e aseos así como una marquesiña de 261 m² no lugar de Xarás, la Soledad s/n, **en finca con refª catastral nº 15074A003001010000KS cunha superficie de 71 hectáreas**, nos termos do Proxecto de instalacións para unidade de suministro visado polo Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia de día 19 de febreiro de 2014 redactado por Fernando García - Pintos Escuder.

SEGUNDO.- Posteriormente perante a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Expte CO/2019/134/(JAS), tramítase a instancia da entidade PUNTOS BAJO COSTE S.L. a declaración de incidencia ambiental da actividade de subministro de combustible polo miúdo nunha estación de servizo existente no de acordo co "Proyecto único integrado de legalización de instalaciones destinadas al suministro al por menor de combustibles líquidos" visado polo Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia co nº 20193306 redactado por Fernando García-Pintos Escuder e José Plácido Gosende Tuñas, **na finca con refª catastral 15074A003010480000KY de 2.632,00 m²** resultante da subsanación catastral mediante a conseguinte acta de subsanación de discrepancias prevista no artigo 18 da Lei do Catastro Inmobiliario que segundo certificación rexistral emitida polo Sr. José Galán Villaverde, rexistrador da Propiedade de Noia describe "...que al folio 201 del Tomo 1537, Libro 462 del Ayuntamiento de Ribeira, figura inscrita la finca registral número 37737 cuyo CRU es 15011001502822... con una superficie bruta de 2.632,00 m²... y una referencia catastral 15074A003010480000KY..."

TERCEIRO.- O día 28 de febreiro de 2020 o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe favorable en relación "...á viabilidade de legalización das instalacións existentes **en consoancia coa nova realidade predial** manifestada no proxecto presentado aos efectos oportunos...."





CUARTO.- Posteriormente a Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Expte CO/2019/134/(JAS) o día 4 de marzo de 2020 emite resolución dictada, mediante a que se pon fin ao procedemento e se arquivan as actuacións realizadas para a declaración de incidencia ambiental da actividade de subministro de combustible polo miúdo nunha estación de servizo existente, rexistrado de saída da Xunta o día 4 de marzo de 2020 (Saída 13565 / Rx 347383), notificado con rexistro de entrada no Concello de Ribeira o día 5 de marzo de 2020 (Rexistro de entrada nº REGAGE 20e00001143441), en base as motivacións impostas en sendos informes emitidos polo Servio de Montes os días 18 e 27 de febreiro de 2020 asinados polo xefe do servizo Santiago Barros Fernández.

ALEGACIONES

PRIMEIRA.- En relación ao informe desfavorable emitido polo Servicio de Montes o día 18 de febreiro de 2020, se establece o seguinte:

“
(...)

1. *A vista do antes exposto, o informe deste Servizo de Montes é desfavorable, polos motivos seguintes:*

a) *Non se podía realizar o cambio de uso, nin por tanto, construírse a infraestrutura, por vulnerarse a prohibición de cambio de uso en terreos incendiados, recollida no artigo 59.3 da Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia.*

b) *Non se cumpriron tampouco os requisitos establecidos no artigo 59.1, ao non existir informe favorable desta administración forestal.*

2. *Dado que, a día de hoxe, as instalacións para o subministro de combustible xa están realizadas, e descoñécese, polo tanto a situación inicial, non se pode avaliar o impacto da referida instalación.*

Respecto ao punto 1.a) de que en base ao artigo 59.3 da Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia “...non se podía realizar o cambio de uso nin por tanto construírse infraestrutura por vulnerarse a prohibición de cambio de uso en terreos incendiados...”, tal como queda acreditado na certificación rexistral emitida polo Sr. José Galán Villaverde, rexistrador da Propiedade de Noia, **estamos ante unha finca con refª catastral 15074A00301048000KY de 2.632,00 m²** resultante da subsanación catastral mediante a conseguinte acta de subsanación de discrepancias prevista no artigo 18 da Lei do Catastro Inmobiliario e que na certificación rexistral aparece descrita tal como “...que al folio 201 del Tomo 1537, Libro 462 del Ayuntamiento de Ribeira, figura inscrita la finca registral número 37737 cuyo CRU es 15011001502822... con una superficie bruta de 2.632,00 m²... y una referencia catastral 15074A00301048000KY...”, polo que non pode ser aplicable en ningún caso nesta finca a prohibición aludida, **porque é claro que nesta finca de 2.632,00 m² de superficie non foi obxecto de ningún incendio**, e por tanto nela preténdese a legalización nos termos do Proyecto único integrado de legalización de instalacións destinadas al suministro al por menor de combustibles líquidos visado polo Colexio Ilustre Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia co nº 20193306.

Pero é que a maior abundamento sobre a cuestión cómpre lembrar que a Dirección Xeral de Ordenación Forestal - Consellería do Medio Rural emitiu informe asinado o día 20 de xullo de 2017 polo subdirector xeral de prevención e defensa contra os incendios forestais Miguel Ángel Cela González co seguinte tenor literal “...tras realizar a superposición das capas do rexistro cartográfico de superficies afectadas por incendios forestais entre os anos 2010 e 2016 co terreo solicitado (ver anexo I) comprobouse que este non foi afectado



FIRMANTE - FECHA





por incendios forestais no dito período. Solicitouse informe ao Distrito Forestal IV sobre a posible afección por incendios forestais nos anos anteriores ao 2010 e informaron que o dito terreo non foi afectado por incendios forestais dende o ano 2006 (ano a partir do cal existen rexistros cartográficos fiables). É por isto que, de acordo á información disponible na Subdirección Xeral, o dito terreo non estaría sometida á prohibición contida no artigo 59.3 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia...”

Respecto ao punto 1.b) de que “...en base a que, a día de hoxe, a instalación para o subministro de combustible xa están realizadas, e descoñécese, polo tanto a situación inicial, non se pode avaliar o impacto da referida instalación...”, lémbrese que no expediente orixinario que serviu de base á concesión pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira o día 24 de abril de 2014 da licenza de obra nº 84/14 para a implantación dunha unidade de subministro de carburante, no seu día xa foi sometido a preceptiva declaración de incidencia ambiental, tal como queda acreditado na resolución de día 4 de abril de 2014 pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da actividade de estación de servizo no lugar de Xarás, polígono nº 3, parcela 101, Expte CO/2014/007/(BMV) asinada polo xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas José Antonio Álvarez Vidal, e como se recolle no punto 5 da mesma co título tramitación, menciónase expresamente que “... o 13 de marzo de 2014 inseriuse a memoria presentada na páxina web institucional de conformidade con previsto no artigo 35.1 da Lei 9/2013, para que as persoas interesadas puideran formular observacións ou alegacións en relación coas repercusións ambientais da actividade durante o prazo de quince días. Non se recibiron alegacións. O 13 de marzo de 2014 consultouse ás administracións públicas afectadas (e as persoas físicas ou xurídicas vinculadas á protección do ambiente) outorgándolles un prazo de quince días para remitir observacións e alegacións, coa indicación de que de non recibirse en prazo os informes solicitados entenderanse favorables e poderase continuar o procedemento, conforme ao disposto no artigo 35.2 da Lei 9/2013...”, polo que é claro que as administracións públicas afectadas foron consultadas no seu días aos efectos de emitir cantas observacións ou alegacións estimaran oportunas.

SEGUNDA.- En relación ao informe desfavorable emitido polo Servicio de Montes o día 27 de febreiro de 2020, se establece o seguinte:

“

(...)

1. Ratificámonos en todos os puntos do noso informe do 18 de febreiro de 2020, que obra en poder dese servizo.

2. En canto á nova certificación catastral achegada, lembrámoslles que o artigo 69 da Lei 7/2012, de 28 de xuño de montes de Galicia di que “non se poderán realizar nin autorizar, inter vivos ou mortis causa, parcelacións, división ou segregación definitivas voluntarias de terreos cualificados como monte ou terreo forestal ao abeiro do establecido nesta lei cando o resultado sexan parcelas de superficie inferior a 15 hectáreas”.

Pois ben en relación ao anterior cómpre insistir como xa quedou acreditado anteriormente, que a nova finca con refª catastral 15074A003010480000KY de 2.632,00 m², non surxiu de parcelación, división nin segregación, senón como resultante da subsanación catastral mediante a conseguinte acta de subsanación de discrepancias prevista no artigo 18 da Lei do Catastro Inmobiliario e que na certificación rexistral aparece descrita tal como “...que al folio 201 del Tomo 1537, Libro 462 del Ayuntamiento de Ribeira, figura inscrita la finca registral número 37737 cuyo CRU es 15011001502822... con una superficie bruta de 2.632,00 m²... y una referencia catastral 15074A003010480000KY...” como queda





acreditado na certificación rexistral emitida polo Sr. José Galán Villaverde, rexistrador da Propiedade de Noia, isto é a finca con refª catastral 15074A003010480000KY de 2.632,00 m², polo que en non se vulnera o disposto polo artigo 69 da referida Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente, coas motivacións expostas, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 18/06/2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Interpor **RECURSO DE REPOSICIÓN** contra a Resolución dictada pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda - Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental - Expte CO/2019/134/(JAS) o día 4 de marzo de 2020, mediante a que se pon fin ao procedemento e se arquivan as actuacións realizadas para a declaración de incidencia ambiental da actividade de subministro de combustible polo miúdo nunha estación de servizo existente.

AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – CARLOTA PÉREZ SAMPEDRO.

Visto o escrito presentado por **Carlota Pérez Sampedro**, de data 16/06/2020 (Rexistro de entrada nº 6.276), no que solicita autorización para a instalación dun quiosco de venda de xeados (3 mesas + 12 cadeiras), durante a tempada de verán, situado no Lugar do Vilar, nº 51 (Carreira). Sendo ésta finca da súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Carlota Pérez Sampedro** para a instalación dun quiosco de venda de xeados (3 mesas + 12 cadeiras), durante a tempada de verán, situado no Lugar do Vilar, nº 51 (Carreira). Sendo ésta finca da súa propiedade.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Esta autorización se concede sen prexuízo das correspondentes autorizacións da administracións estatal ou autonómica, de ser o caso.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as once horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle

